



## **Recordatorio sobre o uso dos portátiles EDIXGAL:**

- O seu fillo/a dispón dun portátil en préstamo para estudar e realizar as tarefas encargadas polo profesorado.
- Non se poderá utilizar este equipo para ningún outro uso sen a expresa autorización do centro.
- O portátil non poderá cederse a terceiras persoas.
- Non se poderán realizar manipulacións no ordenador nin no software instalado.
- Deberá informarse ao titor/a do curso de calquera dano observado no equipo.
- **O seu fillo/a comprométese a levar todos os días o ordenador ao centro coa batería completamente cargada.**
- **Recoméndase non levar o cargador a clase para evitar o seu deterioro ou extravío e en caso de necesidade poderán utilizarse os carros de carga dispoñibles no centro.**
- O profesorado e o coordinador/a E-Dixgal do centro poderán inspeccionar o ordenador cando o estimen oportuno co fin de constatar o seu estado.
- Recoméndase ás familias do alumnado que revisen periodicamente o estado dos portátiles.
- O ordenador deberá devolverse ao rematar a etapa E-Dixgal, sen roturas e en perfecto estado de funcionamento.
- No caso de ser necesario realizar unha reparación do hardware do ordenador (rotura ou calquera outra avaría non cuberta pola garantía), esta deberá levarse a cabo nun servizo técnico autorizado para reparar dito modelo de ordenador.  
A FAMILIA DO ALUMNO/A SERÁ A ENCARGADA DA REPARACIÓN E A VÍA INDICADA POLO SOPORTE PREMIUM PARA ISO É A TRAVÉS DO CORREO DO PROVEEDOR DOS EQUIPOS:  
**sat.edixgal@plexus.es**

## **Coidados para aumentar a vida útil das baterías:**

- Non utilizar ningún cargador distinto ao subministrado co portátil. A utilización doutro cargador non homologado ou con distintas características eléctricas pode danar a batería ou o portátil.
- Non esgotar nunca a batería ao 100% pois isto pode prexudicar a súa eficiencia. O recomendable sería evitar que a descarga baixe dun 15%.
- Desconectar o cargador unha vez finalizado o proceso de carga. A batería do portátil degrádase máis rapidamente se o cargador mantense conectado permanentemente.
- Realizar unha recarga completa das baterías polo menos tres veces o ano. Proponse que sexa previa ao comezo das vacacións de Nadal, Semana Santa e verán.
- Non almacenar os ordenadores en estado de batería baixa ou esgotada posto que, debido a natureza das baterías de ións de litio, existe unha alta probabilidade de que queden inutilizables. Neste caso, é mellor facer unha recarga completa das baterías.

Para calquera dúbida, podes contactar co Servizo Premium, de luns a domingo a calquera hora, a través do teléfono **881 86 99 00**, do correo electrónico **soporte.premium@edu.xunta.gal**, ou da mensaxería instantánea no número de **WhatsApp 604 06 78 56** ou no Telegram na conta **@Serviciopremiumedixgal**

✂-----**RECORTAR E DEVOLVER CUBERTO E ASINADO AO TITOR/A O ANTES POSIBLE**-----✂

No portátil do seu fillo/a \_\_\_\_\_ detectáronse golpes/roturas na carcasa que **deberán ser reparadas antes da devolución do equipo.** Pode contactar co servizo técnico no correo **sat.edixgal@plexus.es** para que presuposten a súa reparación.

Pola presente, eu D<sup>a</sup>/D. \_\_\_\_\_, nai/pai da alumna/o acuso recibo desta comunicación.

En Tui, a \_\_\_\_\_ de xuño de 2022.

Sinatura e nº DNI da nai, pai ou titor/a legal: \_\_\_\_\_